



Compostela  
Cultura

# VIAXES

**Real Filharmonía de Galicia**

Temporada de abono 2021-22

---

**XOVES 16**

**DECEMBRO 2021**

Auditorio de Galicia, 20.30 h

**DESDE O OLIMPO**

Maximino Zumalave Director

Christian Gil-Borrelli Contratenor

Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Maximino Zumalave Director



# PROGRAMA

I

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Abertura Egmont

GEORG FRIEDRICH HAENDEL (1685-1759)

Cara sposa, amante cara (da ópera Rinaldo, HWV 7)

CHRISTOPH WILLIBALD GLUCK (1714-1787)

Che farò senza Euridice (da ópera Orfeo e Euridice)

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Cara, lontano ancora (da ópera Ascanio en Alba, K111)

Christian Gil-Borrelli, contratenor\*

II

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Sinfonía núm. 41 en Do maior, KV. 551 “Xúpiter”

*Allegro vivace*

*Andante cantabile*

*Allegretto*

*Molto allegro*

\* Gañador do Concurso de canto da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago 2020

---

Duración aproximada do concerto: 70 minutos (con pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

# Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## Director artístico titular

Paul Daniel

## Principal directora convidada

Joana Carneiro

## Director asociado

Maximino Zumalave

### VIOLÍNS I

Adriana Winkler (concertino)  
Anca Smeu (axuda de concertino)  
Ildikó Oltai \*\*  
Michal Ryczel  
Yulia Petrushevskaya  
Daniel Kordubaylo  
Anna Alexandrova  
Claudio Guridi  
Ilya Fisher  
Estefanía del Barrio \*\*\*

### VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Elina Viksne  
Samira Ajkić  
Irina Gruia  
Helena Sengelov  
Kiyoko Ohashi  
Gyula Vadaszi  
Carla Alonso \*\*\*

### VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Timur Sadykov  
Ionela Ciobotaru  
Iriana Fernández  
Anne Schlossmacher  
Oxana Bakulina  
Ayse Yavuz \*\*\*

### VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Millán Abeledo  
Thomas Piel  
Ailsa Lewin

### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Marcos Vázquez \*\*\*

### FRAUTAS

Laurent Blauteau \*  
Luís Soto \*\*

### ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

### CLARINETES

Vicente López \*  
Bernardino Assunção (R)

### FAGOTES

Manuel Veiga \*  
Esteban García (R)

### TROMPAS

Alfredo Varela \*  
Jordi Ortega \*  
Simon Lewis (R)  
Sergio Sánchez \*\*\*

### TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

### TIMBAL

José Vicente Faus \*

### CLAVE

Marta López (R)

\* principal | \*\* copincipal | \*\*\* EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

## Maximino Zumalave

### Director

---

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. É director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela.

Con el actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmaier, as irmás Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Johnson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros.

Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, a Sinfónica de Praga, a Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras. É invitado a participar en xurados e a presidir importantes certames e premios internacionais.

Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo; coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buide, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez

ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música; así, Torrente Ballester envíalle unha obra «lamentando que no pueda ser una sinfonía» e a poetisa Eva Veiga escribe:

*...Maximino,  
que coas súas mans do silencio  
arrinca  
a máis pura poesía,  
no espacio fuxidía  
no corazón eterna.*

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña.

En febreiro de 1995 foi elixido Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. No período 2010-2018 foi membro do Plenario, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega e, desde 2014, formou parte da Comisión Executiva desta institución. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao e en 2016 foi distinguido co Premio da Cultura Galega.

## **Christian Gil Borrelli** Contratenor

---

Inicia a súa carreira musical na Universidade de Santiago de Compostela, onde estuda Medicina e Cirurxía, formando parte de varios grupos da escena local. Tras licenciarse, trasládase a Madrid, onde comeza a súa formación académica de canto no Conservatorio Profesional Arturo Soria xunto á soprano María José Santos e o repertorista Miguel Huertas. En 2016 aparca a súa carreira de médico para dedicarse por completo á música, ingresando na Escuela Superior de Canto, onde

se forma con Cristina Gallardo-Domâs, Pilar Pérez-Íñigo e a repertorista Cristina Presmanes.

Finalmente instálase en Alemaña para estudar coa mezzosoprano María José Montiel na prestixiosa Universidade das Artes de Berlín. Así mesmo, recibiu formación vocal doutros contratenores como Xavier Sabata ou Philippe Jaroussky e tomou leccións de interpretación musical de directores de orquestra como Alberto Zedda, Eduardo López Banzo ou Miquel

Ortega. Foi galardoado co Primeiro Premio do certame Compostela Lírica, o Segundo premio do Concurso Internacional de Canto de Medinacelli e foi elixido polo director Gottfried von der Goltz para debutar no rol principal da ópera *Alessandro* (Haendel) en Bamberg (Alemaña) xunto á Junge Deutsche Philharmonie. Ademais, formou parte da primeira xeración CRESCENDO, proxecto liderado polo Teatro Real que apoia a prometedores cantantes na súa emerxente carreira musical.

Neste breve período, Christian Borrelli conseguiu converterse nun dos contratenores españois con maior proxección. Ofreceu recitais e concertos en festivais e teatros de toda España, como o Teatro Real, o Auditorio Nacional de Madrid, a Programación Lírica da Coruña, o Palacio de Festivales de Santander, o Auditorio Alfredo Kraus de Las Palmas de Gran Canaria, o Festival Internacional de la Catedral de León ou a Semana de Música Religiosa de Cuenca. Cantou roles de ópera e oratorio barroco, tales como Salomón (Haendel), Holofernes (Vivaldi) ou Orfeo (Gluck) e do repertorio sinfónico como *Carmina Burana* (Orff) ou

*Chichester Psalms* (Bernstein). Ademais, creou o rol antagonista da ópera contemporánea *María Soliña*. No eido internacional, actuou no Festival Monteverdi de Cremona e no Bachfest de Leipzig coa orquestra Al Ayre Español.

Moi activo no panorama da arte contemporánea, Borrelli creou diferentes proxectos musicais e performativos xunto a outros artistas como o pintor e deseñador español Okuda San Miguel, a cineasta californiana Isabelle Carbonell ou a artista visual austríaca Ines Doujak. Grazas á súa formación como médico especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública e a súa experiencia en investigación para a acción en saúde, xénero e diversidade, logrou dotar a súa produción artística dunha perspectiva social e científica. Destacan KASHMIRI, baseada na vida e a obra de compositores LGBT; ou Orfeo + Euridice, unha revisitación da ópera de Gluck desde o prisma da violencia de xénero.

O pai e o avó de Ludwig van Beethoven eran músicos por iso, quixera ou non, pasou a súa infancia aprendendo a tocar o piano, o órgano, o violín e a viola ata que en 1792 trasládase a Viena, onde se estableceu como profesor de piano, concertista, director de orquestra e compositor. Esa obriga coa música imprimiulle unha fonda preocupación polo concepto de liberdade do individuo o que sumado á súa escasa instrución intelectual e o seu limitado dominio da política e da socioloxía marcaron a súa admiración pola personalidade romántica dos heroes. Por iso, en 1808, aceptou con entusiasmo o encargo de compoñer a música incidental para a traxedia de Goethe que, no século XVI, narra a loita do Conde Egmont pola liberdade dos Países Baixos fronte ao réxime imperial español. A mensaxe da obra calou en Beethoven, contrario á tiranía do imperio francés, e compuxo unha obra heroica sobre a batalla contra a opresión. A *abertura* comeza cunha breve introdución lenta e sombría, seguida de momentos escuramente melancólicos que imparten una sensación de monumental solemnidade. O

compositor gustaba de mesturar materiais moi diferentes e ao longo de toda a partitura as xustaposicións de tempos, dinámicas e timbres contrastantes suxiren a turbulencia da alma de Egmont cuxa execución chega nos compases axitados, cheos de paixón dramática. A continuación, aparece un breve coral lúgubre antes de que a música adquira un carácter triunfal que culmina cun conxunto de acordes coroados polo estridente frautín.

Ópera significa obra en italiano, posiblemente, para indicar que este completo espectáculo -datado en Florencia arredor de 1600-, é compendio do máis escolleito dos xéneros musicais e outras disciplinas artísticas. O Barroco asume esta iniciativa do Renacemento florentino e faina medrar desde unha ópera sometida á palabra ata aquela onde a música é primordial. Por iso, era importante contar con pezas literarias de elevado valor poético; ademais, a ópera barroca enriquecese, medra en plenitude sonora, excede vocalidade e afonda na variedade instrumental e na diversidade dos seus timbres.

Georg Friedrich Händel foi quen de seducir no ámbito teatral e de ofrecer músicas inmediatamente cativadoras. A súa obra cumpre a perfección da *aria da capo* que representa a autenticidade da ópera barroca e emerxe como axeitado vehículo de sentimentos. O seu catálogo inclúe máis de 40 óperas que conforman xunto aos seus oratorios o corpo central da súa produción converténdoo nun dos compositores de ópera máis importantes, sobre todo, no ámbito barroco e máis aínda no xénero dramático. *Rinaldo*, baseado no poema épico *Gerusalemme liberata* de Torquato Tasso, foi a primeira ópera que Haendel compuxo especificamente para a escena londiniense (estreuouse en 1711). En apenas dúas semanas escribiu, aproveitando partituras anteriores -salvo para a protagonista, o castrato Nicolini, cuxa música era nova-, unha música brillante pola inusitada cor orquestral, os variados sos de vento-madeira ou a música de batalla a cargo das trompetas; música que aporta aos personaxes unha gama de sentimentos que quedan retratados na aria *Cara sposa*, no lamento de Rinaldo pola ausencia da súa amada Almirena,

secuestrada por Armida, engadindo unha profundidade emocional ao personaxe que doutro xeito correría o risco de aparecer como un heroe bidimensional. A tonalidade menor, a rica e contrapuntística parte da corda e o uso do cromatismo, tan haendeliano, reflicten o sentido de perda e anhelo do texto.

O sistema tonal consolídase no Clasicismo para construír unha linguaxe musical sinxela, directa, cosmopolita e ilustrada e a ópera beneficiase desta situación. Christoph Willibald Gluck foi un músico de orixe campesiña que accede á cultura musical vienesa desde unha certa inxenuidade decatándose de que o lirismo vocal era tan relevante que relegaba a un impreciso segundo plano ao drama, á escena e á palabra. Tanto que os cantantes sometían á súa vontade cuestións como o número de arias dunha ópera (un intérprete de primeiro nivel tería polo menos cinco arias, mentres que os noveis, unha ou dúas). Ademais, unha voz consagrada podía decidir incluír ou eliminar algunhas partes sen consultar co compositor resultando un pastiche de arias sen conexión coa dramaturxia. Gluck procura recuperar tanto o desenvolvemento



dramático como a estrutura sinfónica que debe sustentalo e propón certas regras para regresar á sinxeleza e á fácil comprensión da obra, como a eliminación dos excesos exhibicionistas dos cantantes que dificultaban entender o texto. O personaxe de Orfeo de Gluck que coa súa dualidade resolve o conflito lírico entre o real e o fabuloso, é na versión vienesa de 1762 unha contralto feminina que canta en italiano; na segunda versión, un tenor que canta en francés e na terceira, está interpretado en alemán por un barítono. A recoñecida aria *Che faró senza Euridice* é a escena que abre o terceiro acto e na que un desolado semideus Orfeo canta con sentimento trágico a perda por segunda vez de Eurídice. É un sinxelo lamento acompañado polas cordas, con acertadas extensións de fraseos e cadencias, unha expresión directa da emoción cinguida a unha textura homofónica.

O xenio musical sen precedentes de Wolfgang Amadeus Mozart faino, sen dúbida, o músico máis importante do clasicismo e representa o cumio na historia da ópera, en todos os sentidos pero

na escena, particularmente, é insuperable. Cando a arquiduquesa María Beatriz de Este asistiu a un concerto seu, quixo que lle escribira música para a súa voda co arquiduque Fernando Carlos de Austria, fillo da emperatriz María Teresa. Para a ocasión, o mozo -tiña 15 anos- compuxo en algo máis de tres semanas a ópera festiva *Ascanio in Alba*, estreada en outubro de 1771 en Milán. A pesar do grande éxito na presentación, moitas das óperas temperás de Mozart foron inxustamente menosprezadas e esta non é unha excepción malia ser un dos logros máis sobresaíntes do período vienés. O libreto de Giuseppe Parini contén referencias simbólicas: Venus representa á emperatriz, a parella de pastores como alegoría dos noivos, Ascanio personaliza ao arquiduque Fernando e a ninfa Silvia semella ser María Beatriz. Musicalmente, a obra é una sucesión de fermosas arias de bravura ou *di carattere* intercaladas entre recitativos acompañados ou non e algúns breves coros homófonos de incuestionable beleza musical mozartiana. A aria do primeiro acto *Cara, lontano ancora*, destaca polo

seu virtuosismo vocal. Ascanio non coñece á ninfa Silvia, mais desexa e anhela a noiva que lle foi prometida.

Mozart compuxo, nun par de meses no verán de 1788, un ciclo coas súas tres últimas sinfonías. Esta urxencia na composición non parece ter ningunha razón concreta, como unha xira ou un encargo. É certo que o mestre de Salzburgo estaba cada vez máis intranquilo, asexado por “negros pensamentos”, frecuentemente enfermo e asediado polas débedas. Ademais, a crítica xa non estaba da súa parte e o público vienés non acollera con entusiasmo os seus últimos concertos pero aínda así, a polivalencia expresiva e a densidade dramática e musical desta triloxía defínena como un “testamento sinfónico”. Coñecida polo sobrenome *Xúpiter*, dado polo empresario e mecenas Johann Salomon, posiblemente, para sinalar a súa grandeza, o seu carácter triunfal e a súa solemnidade, a *Sinfonía núm 41* representa o final dun traxecto e marca un punto destacado no tratamento clásico da forma que significou a caída vertixinosa do desenvolvemento da forma sinfónica nas mans de Beethoven,

os seus contemporáneos e os seus sucesores. Grandilocuente, equilibrada, brillante, dual e enérxica son algúns dos centos de cualificativos que percorren a literatura sobre esta partitura na que Mozart parece unir os extremos desde o tema inicial do *Allegro*, que condensa un motivo marcial e un lamento. No *Andante*, de estrutura formal de tempo de sonata, entrelázanse tres temas que rematan cunha significativa coda, que o compositor non pensara inicialmente. O *Minuetto*, constitúe o último gran xogo orquestral que o compositor realiza neste esquema, tempo que adoita quedar eclipsado pola contundencia e xenialidade do final, *Molto allegro*, unha apoteótica forma de sonata tratada no estilo fugado dos antigos mestres. A sección última do movemento ofrece unha impresionante integración de materiais temáticos que reúne todas as ideas melódicas escoitadas ata o momento e as enfronta nun magnífico *tour de force* contrapuntístico.



# PRÓXIMOS CONCERTOS

## Mércores 5 de xaneiro 2022, 21:30 h CONCERTO DE REIS

TREN, BARCO, AVIÓN E OUTROS  
MEDIOS DE LOCOMOCIÓN

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Claudio Constantini, bandoneón

E. Strauss: Bahn Frei! op. 45 (Abran paso!)

N. Rimsky-Korsakov: O voo do moscardo  
(O conto do Zar Saltán)

J. Ibert: Le Métro/Le Paquebot/Parade  
(Suite Sinfónica 'París')

S. Revueltas: Música para charlar

A. Piazzolla: Aconcagua para bandoneón  
e orquestra

E. Strauss: Mit Dampf! op. 70 (Con vapor!)

B. Strayhorn (arr. I. Farrington): Take the A  
train

H. Warren (arr. I. Farrington): Chatanooga  
Choo Choo

I. Farrington:

A Shipshape Shindig

G. Gershwin (arr. S. Berkowitz):

Promenade Walking the Dog

G. Gershwin (arr. I. Farrington): Wing it  
(variacións sobre I Got Rhythm)

**C**  
**Compostela  
Cultura**

### AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

### DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 Zona C

### OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

